



DATOS IDENTIFICATIVOS

Tecnoloxías e recursos para a tradución multimedia

Materia	Tecnoloxías e recursos para a tradución multimedia			
Código	V01M079V11106			
Titulación	Máster Universitario en Tradución Multimedia			
Descritores	Creditos ECTS 6	Sinale OB	Curso 1	Cuadrimestre 1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento				
Coordinador/a	Miquel Verges, Joan Agustín Guijarro, Javier de			
Profesorado	Agustín Guijarro, Javier de Doval Díaz, Servando Miquel Verges, Joan			
Correo-e	jagustin@uvigo.es jmv@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia divídese en dous bloques: o bloque de Tecnoloxía e o bloque de Recursos Documentais. No que respecta ao bloque de Tecnoloxía, o obxectivo é capacitar aos estudantes de máster para resolver os problemas técnicos e informáticos asociados coa tradución multimedia, con especial énfase no coñecemento e uso dos programas informáticos máis empregados no ámbito profesional. No que respecta ao bloque de Recursos Documentais, o obxectivo é capacitar aos estudantes de máster para resolver os problemas documentais asociados á tradución multimedia, a través do coñecemento dos documentos obxecto desta tradución, das técnicas de análise, selección e tratamento da información, das técnicas de avaliación de fontes e do coñecemento de ferramentas de procura.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
B1	Definir os conceptos básicos relacionados coas tecnoloxías e os recursos aplicables á tradución multimedia.
B2	Recoñecer as principais tecnoloxías e recursos dentro da tradución multimedia e a súa conexión con ámbitos como a informática, a terminoloxía, a documentación, a tradución automática ou a internacionalización.
C1	Empregar con destreza as tecnoloxías e os recursos máis relevantes nos contextos profesionais.
D1	Manexar os conceptos básicos relacionados coas tecnoloxías e os recursos aplicables á tradución multimedia.

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Os resultados da materia son os que figuran na memoria da titulación e correspóndense cos marcados no paso 1.	B1 B2 C1 D1

Contidos

Tema	
------	--

1. Tradución e tecnoloxía: ferramentas do proceso tradutor como actividade profesional.	1.1. Introducción. 1.2. Tarefas informatizadas do proceso tradutor (modelo tradicional). 1.3. Tarefas informatizadas do proceso tradutor (modelo actual dixitalizado). 1.4. Tarefas e ferramentas do proceso tradutor como actividade profesional. O punto de vista dos estudantes de tradución. 1.5. Tarefas e ferramentas do proceso tradutor como actividade profesional. O punto de vista dos profesionais da tradución.
2. Recursos informáticos avanzados para o tradutor multimedia: consideracións xerais.	2.1. O software na industria da tradución. 2.2. A contorna de traballo do tradutor. 2.3. A plataforma de traballo do tradutor. 2.4. Os materiais de traballo do tradutor.
3. Especificidades técnicas da tradución multimedia.	3.1. Soportes, medios e plataformas relacionadas cos medios audiovisuais. 3.2. A interacción do texto co son e a imaxe. 3.3. Formatos específicos empregados na tradución multimedia. - Ferramentas de reprodución de medios. - Ferramentas de conversión de formatos multimedia. - Ferramentas relacionadas co uso de filtros ou códecs.
4. Recursos informáticos avanzados específicos para a tradución multimedia.	4.1. Recursos específicos para a tradución audiovisual (TAV). 4.2. Recursos específicos para a localización (L10N). 4.3. A accesibilidade: a subtitulación para xordos e/ou con deficiencias auditivas (SPS), a audiodescrición (AD), a interpretación en lingua de signos (LS(E/G)) e a lectura fácil (LF).
5. Introducción: a documentación aplicada á tradución multimedia.	5.1. Fundamentos da documentación como área de coñecemento. 5.2. Especificidades das aplicacións documentais á actividade tradutora. 5.3. Especificidades das aplicacións documentais á tradución multimedia.
6. Os documentos multimedia como categoría documental.	6.1. Tipoloxías documentais. 6.2. Especificidades dos documentos multimedia e a súa tipoloxía.
7. Procura documental para a tradución multimedia.	7.1. Fontes de información. 7.2. Ferramentas de procura. 7.3. Métodos de avaliación de fontes electrónicas.
8. Tratamento da información en tradución multimedia.	8.1. Avaliación de necesidades documentais nos obxectos de tradución. 8.2. Criterios de selección de información en documentos recuperados. 8.3. Clasificación e almacenado de información seleccionada.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	2	3
Foros de discusión	0	25	25
Resolución de problemas	0	25	25
Resolución de problemas de forma autónoma	0	25	25
Estudo de casos	0	24	24
Resolución de problemas e/ou exercicios	0	24	24
Estudo de casos	0	24	24

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e a recoller información sobre o alumnado no que atinxe ós coñecementos previos da materia, intereses e motivacións. Presentación da materia: obxectivos, metodoloxía docente, actividades de aprendizaxe, sistemas e criterios de avaliación...
Foros de discusión	Actividade desenvolvida nun contorno virtual na que se debaten temas diversos e de actualidade, relacionados co ámbito académico e/ou profesional.
Resolución de problemas	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno/a debe desenvolver as solucións axeitadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de fórmulas ou algoritmos, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados. Adóitase empregar como complemento da lección maxistral.
Resolución de problemas de forma autónoma	Actividade na que se expoñen exercicios de aplicación práctica da teoría e de verificación de habilidades e coñecementos adquiridos.
Estudo de casos	Actividade na que se expoñen casos prácticos de procuras documentais, de avaliación de documentos e de análises, selección e tratamento da información.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas	Aínda que o curso ten carácter non presencial (virtual), durante todo o desenvolvemento da materia, está prevista unha atención personalizada continuada, na plataforma virtual Moovi, que guíe ao alumno no seu proceso de aprendizaxe e permítalle resolver satisfactoriamente os problemas expostos.
Estudo de casos	Aínda que o curso ten carácter non presencial (virtual), durante todo o desenvolvemento da materia, está prevista unha atención personalizada continuada, na plataforma virtual Moovi, que guíe ao alumno no seu proceso de aprendizaxe e permítalle levar a cabo tarefas de observación, descrición e explicación de casos expostos.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Resolución de problemas de forma autónoma	RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS DE FORMA AUTÓNOMA RELACIONADOS COAS "TECNOLOXÍAS". Actividade na que o alumnado analiza e resolve problemas de forma autónoma relacionados coas tecnoloxías na tradución multimedia (30%). RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS DE FORMA AUTÓNOMA RELACIONADOS COS "RECURSOS". Actividade na que o alumnado analiza e resolve problemas de forma autónoma relacionados cos recursos na tradución multimedia (30%).	60	
Estudo de casos	ESTUDIO DE CASO RELACIONADO COAS "TECNOLOXÍAS". Análise dun feito, problema ou suceso real das tecnoloxías na tradución multimedia coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, xerar hipótese, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnosticalo e formarse en procedementos alternativos de solución (20%). ESTUDIO DE CASO RELACIONADO COS "RECURSOS". Análise dun feito, problema ou suceso real dos recursos documentais na tradución multimedia coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, xerar hipótese, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnosticalo e formarse en procedementos alternativos de solución (20%).	40	

Outros comentarios sobre a Avaliación

TEMPORALIZACIÓN DO CURSO:

As actividades de aplicación práctica estruturaránse en 2 bloques (bloque de "Tecnoloxías" e bloque de "Recursos documentais"), como se indica máis abaixo; tanto o primeiro como o segundo bloque desenvolveránse nun período de ao redor de 6 semanas cada un deles. A duración precisa destes bloques indicárase no seu momento en Moovi, pois depende en parte do cronograma xeral da Universidade para o curso 2024/2025, que mentres se elabora esta guía docente aínda non se coñece.

Nas 12 semanas nas que se organiza a materia, a avaliación consiste na realización de 4 tarefas (2 para cada un dos 2 bloques) e estrutúrase da seguinte maneira:

1. BLOQUE DE "TECNOLOXÍAS"

Docencia: Prof. Joan Miquel-Vergés.

Temporalización: Semanas 01-06, inclusive.

- -Semanas 01-03: RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS DE FORMA AUTÓNOMA (30%). Resolución de problemas de forma autónoma relacionados coas "Tecnoloxías".
- -Semanas 04-06: ESTUDIO DE CASO (20%). Estudio de caso relacionado coas "Tecnoloxías".

Observación: O alumnado que o desexe poderá complementar esta formación, relacionada coas tecnoloxías aplicadas á tradución multimedia, mediante o curso complementario de formación gratuíto do programa eDestrezas da UVigo denominado "Introdución á tradución asistida por computador con memoQ" (<https://www.uvigo.gal/campus/cultura/obradoiros-outros-cursos/destrezas>). Este curso, de 30 horas, é virtual e consta de 6 horas de traballo autónomo do alumnado e 24 horas de clases virtuais síncronas (6 clases de 4 horas). As clases virtuais síncronas impartiranse todos os martes e xoves, do 04/02/2025 ao 20/02/2025, de 16:00 a 20:00 horas. É obrigatorio asistir a 5 das 6 sesións e realizar as tarefas encargadas (6 tests de 10 preguntas, sen límite de tempo nin de intentos) para obter o diploma acreditativo do curso expedido pola UVigo. Para que o curso poida ser gratuíto, estará aberto a toda a Comunidade Universitaria; contará con 30 prazas (asociadas a 30 licenzas do programa por un ano) que se adxudicarán por estrita orde de inscrición. O curso será impartido polo Prof. Joan Miquel-Vergés.

2. BLOQUE DE "RECURSOS DOCUMENTAIS"

Docencia: Prof. Javier de Agustín Guijarro e Prof. Servando Doval Díaz.

Temporalización: Semanas 07-12, inclusive.

- Semanas 07-09: RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS DE FORMA AUTÓNOMA (30%). Resolución de problemas de forma autónoma relacionados cos "Recursos documentais".
- -Semanas 10-12: ESTUDIO DE CASO (20%). Estudio de caso relacionado cos "Recursos documentais".

Non é obrigatoria a realización das 4 tarefas avaliativas; e, para aprobar a materia, abondará con obter un mínimo de 5,0 puntos en total sobre os 10,0 puntos posibles.

SEGUNDA CONVOCATORIA:

Para a avaliación da materia na segunda convocatoria, os alumnos realizarán as actividades de aplicación práctica que non levaran a cabo no seu momento ou, se for o caso, replantearán e realizarán de novo, seguindo as indicacións do profesor, aquelas que non superaran satisfactoriamente durante o desenvolvemento do curso.

Non é obrigatoria a realización das 4 tarefas avaliativas; e, para aprobar a materia, abondará con obter un mínimo de 5,0 puntos en total sobre os 10,0 puntos posibles.

A data límite para entregar as actividades na segunda convocatoria de avaliación farase pública oportunamente en Moovi.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Miquel-Vergés, J., **TECNOLOGÍA: Guía del BLOQUE-1 (TECNOLOGÍA)**, Creative Commons BY NC, MTM-UVigo, 2024

Agustín-Guijarro, J. de, **RECURSOS: Guía del BLOQUE-2 (RECURSOS)**, Creative Commons BY NC, MTM-UVigo, 2024

Bibliografía Complementaria

Chan, Sin-wai, **TECNOLOGÍA: The future of translation technology: towards a world without Babel**, 9781138842045, Routledge, 2019

O'Hagan, M., **TECNOLOGÍA: The Routledge Handbook of Translation and Technology**, 9781032475318, Routledge, 2020

Oliver, A., **TECNOLOGÍA: Herramientas tecnológicas para traductores**, 9788490647516, Editorial UOC, 2016

Oliver, A.; Moré, J.; Climent, S. (eds.), **TECNOLOGÍA: Traducción y tecnologías**, 9788497885799, Editorial UOC, 2008

Pym, A. y Hao, Y., **TECNOLOGÍA: How to Augment Language Skills. Generative AI and Machine Translation in Language Learning and Translator Training**, 9781032614953, Routledge, 2024

Sánchez Ramos, M^a. del M. y Rico Pérez, C. (eds.), **TECNOLOGÍA: Traducción automática en contextos especializados**, 9783631888841, Peter Lang, 2024

Argudo, S. y Pons, A., **RECURSOS: Mejorar las búsquedas de información**, UOC, 2012

Brisset, D., **RECURSOS: Análisis fílmico y audiovisual**, UOC, 2011

Caicedo, C. y Pastor, X., **RECURSOS: ¿Cómo elaborar un trabajo final de máster?**, UOC, 2016

Caridad Sebastián, M., Hernández Pérez, T., Rodríguez Mateos, D. y Pérez Lorenzo, B., **RECURSOS: Documentación audiovisual: nuevas tendencias en el entorno digital**, Síntesis, 2011

- Cid Leal, P. y Perpinya Morera, R., **RECURSOS: Cómo y dónde buscar fuentes de información**, Serv. Pub. de la Universidad Autónoma, 2013
-
- Cordón García, J. A. et al., **RECURSOS: Las nuevas fuentes de información. Información y búsqueda de información en el contexto de la web 2.0**, 2ª, Pirámide, 2012
-
- Cordón García, J. A. et al., **RECURSOS: Las nuevas fuentes de información: la búsqueda informativa, documental y de investigación en el ámbito digital**, Pirámide, 2016
-
- Costa Sánchez, C. y Piñeiro Otero, T., **RECURSOS: Estrategias de comunicación multimedia**, UOC, 2016
-
- Cruz Gil, M. C., **RECURSOS: Modelos de búsqueda y recuperación de la información**, Trea, 2015
-
- Cuadra, E. de la, **RECURSOS: Documentación cinematográfica: roles y fuentes del documentalista en el cine**, UOC, 2013
-
- Jiménez Piano, M. y Ortiz-Repiso, V., **RECURSOS: Evaluación y calidad de sedes web**, Trea, 2007
-
- López Carreño, R., **RECURSOS: Fuentes de información. Guía básica y nueva clasificación**, UOC, 2017
-
- López Hernández, A., **RECURSOS: Introducción a la documentación audiovisual**, S&C Ediciones, 2003
-
- López de Solís, I., **RECURSOS: El Film-research**, UOC, 2013
-
- López Yepes, A. (ed.), **RECURSOS: Cine en la era digital. Aplicaciones de la documentación cinematográfica (1992-2005)**, Fragua, 2006
-
- López Yepes, J. y Osuna Alarcón, M. R., **RECURSOS: Manual de ciencias de la información y documentación**, Pirámide, 2011
-
- Palacios Lozano, A. R. y Bueno de la Fuente, G. (coord.), **RECURSOS: Técnicas de búsqueda y uso de la información**, Ramón Areces, 2013
-

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Audiodescripción/V01M079V11208
Fundamentos de dobraxe e subtitulado/V01M079V11107
Localización de páxinas web/V01M079V11109
Localización de programas informáticos/V01M079V11110
Localización de videoxogos/V01M079V11111
Produccións accesibles/V01M079V11209
Proxectos de tradución multimedia/V01M079V11210
Subtitulado para xordos e lectura fácil/V01M079V11207
Voces superpostas e tradución de documentais/V01M079V11108

Outros comentarios

A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un 0 nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o estudantado da súa responsabilidade neste aspecto.

Na avaliación terase en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística.

É responsabilidade do estudantado consultar os materiais dispoñibles na plataforma (novidades, documentos, cualificacións) e estar ao tanto dos avisos e das datas de realización das diferentes probas.

En calquera das convocatorias e probas, o estudantado ten dereito, se o solicita, a un xustificante documental que acredite terse presentado á proba ou exame. Aquela persoa que por enfermidade, lesión ou calquera outro impedimento temporal, correctamente demostrado, non poida efectuar un exame ou unha proba parcial, terá dereito a ser examinado noutra data.
